



I.E.S. POLITECNICO DE VIGO
Rúa Conde de Torrecedeira, 88
36208 Vigo (PONTEVEDRA)
Tfno: 986 21 30 25
Fax: 986 20 81 75



**XUNTA
DE GALICIA**



II CONCURSO-EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA ***IES POLITÉCNICO DE VIGO***

O IES Politécnico de Vigo, a través dos seus Departamentos de Matemáticas e Debuxo convoca o II Concurso-Exposición de Fotografía Matemática co obxectivo fundamental de fomentar no alumnado a capacidade de observación e abstracción, así como impulsar a creatividade e a imaxinación para identificar e apreciar os múltiples aspectos da nosa contorna que están relacionados coas matemáticas.

Identificar elementos matemáticos no mundo que nos rodea (números, símbolos, xeometría, semellanza, simetría, paralelismo, perpendicularidade, patróns, repeticións, curvas, polígonos, funcións...), tanto en elementos naturais como artificiais, abstraelos e plasmalos nunha imaxe, constitúe unha actividade intelectual, creativa e placenteira que se pretende desenvolver.

BASES DO CONCURSO

Primeira.- Participantes

Poderá participar todo o alumnado da ESO, do Bacharelato e dos Ciclos Formativos do IES Politécnico de Vigo

Segunda.- Temática

A temática do concurso será a “**As matemáticas na túa cidade**”, tentando destaacar a presenza de elementos matemáticos na cidade de Vigo ou da localidade de orixe dos participantes. Esta relación establecerase a través do título da fotografía que debe facer referencia a algún contido matemático e estará en lingua galega.

Terceira.- Condicións das obras

Cada participante poderá presentar un máximo de 3 fotografías inéditas. Non se aceptarán fotografías premiadas con anterioridade noutros certames ou concursos ou descargadas de internet.

Permítese o uso de programas de retoque e manipulación dixital de imaxes (Photoshop, GIMP...) sempre que o contido matemático da fotografía non dependa desa manipulación (simetrías, rotacións, redistribución de elementos, ...).

A persoa participante manifesta e garante que é a/o única/o titular de todos os dereitos de autoría sobre a fotografía que presenta ao concurso e responsabilízase totalmente de non existiren dereitos de terceiras persoas nas obras presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereitos de imaxe.

As/os menores de idade deben estar autorizadas/os para a publicación dos seus dereitos de imaxe, sen a cal non poderán protagonizar ningunha fotografía.



I.E.S. POLITECNICO DE VIGO
Rúa Conde de Torrecedeira, 88
36208 Vigo (PONTEVEDRA)
Tfno: 986 21 30 25
Fax: 986 20 81 75



**XUNTA
DE GALICIA**



Cuarta.- Condicións de participación

A inscrición e envío das fotografías farase a través do enderezo de correo electrónico do Instituto (**ies.politecnico.vigo@edu.xunta.es**) indicando no asunto “II Concurso de Fotografía Matemática”, facilitando no texto do correo os seguintes datos:

Nome e apelidos

Nivel, curso e grupo.

Dirección de correo electrónico de contacto

Título da obra

Quinta.- Presentación dos traballos

As fotografías presentaranse en formato dixital. Deben de ser arquivos JPG e ter un tamaño mínimo de 2048 x 2048 píxeles. O peso de cada arquivo non debe exceder o máximo de 5 Mb. Cada fotografía deberá enviarse con cadanseu correo electrónico, aceptándose apenas unha fotografía por cada envío.

Sexta.- Período de presentación

A data límite de recepción dos traballos será ao finalizar o día do **20 de abril de 2016**.

Sétima.- Formación do xurado

O xurado, que respetará a igualdade de xénero na súa composición, estará presidido polo director do IES Politécnico de Vigo e composto polos seguintes membros:

- O vicedirector/a,
- Profesorado dos departamentos de Matemáticas e de Debuxo
- A responsábel de Medios Audiovisuais do Instituto, que actuará como secretaria.

Oitava.- Escolla das obras

O xurado realizará unha escolla daquelas fotografías que, pola súa calidade, poderán ser obxecto de exposición no instituto. De entre todas elas elixirase para cada categoría unha gañadora do **PRIMEIRO PREMIO**, podendo outorgar un **ACCÉSIT** por categoría.

Rexeitaranse aquelas fotografías que puidesen ser ofensivas á intimidade persoal, familiar ou a propia imaxe das persoas. Valorarase a creatividade e a calidade fotográficas, así como a contribución das imaxes presentadas ao tema proposto. O premio nalgunha categoría poderá ficar deserto se a calidade das fotografías non é axeitada.

O fallo do xurado será definitivo e inapelábel.

Novena.- Premios

Etablécense tres **categorías**:

- A. Primer ciclo E.S.O. (1º e 2º)
- B. Segundo ciclo E.S.O. (3º e 4º)
- C. Bacharelato, ESA e Ciclos Formativos



I.E.S. POLITECNICO DE VIGO
Rúa Conde de Torrecedeira, 88
36208 Vigo (PONTEVEDRA)
Tfno: 986 21 30 25
Fax: 986 20 81 75



**XUNTA
DE GALICIA**



Os **premios**, serán :

Primeiro premio categoría A: Un trípode para teléfono móbil

Primeiro premio categoría B: Un trípode para teléfono móbil

Primeiro premio categoría C: Un trípode fotográfico

Accésit: Diploma acreditativo

O fallo do xurado será publicado na páxina web do Instituto e no taboleiro de información da entrada o **22 de abril**.

Décima.- Cesión e autorización de dereitos

Os dereitos de autor/a mantéñense, cedendo gratuitamente as/os autoras/es das fotografías seleccionadas e premiadas ao IES Politécnico de Vigo os dereitos de uso, reprodución, difusión, distribución, publicación, transformación, así como calquera outro dereito de explotación que puidese dar lugar, sobre as obras fotográficas, por si ou por terceiros, sen limitación de tempo, citando sempre que for posíbel o nome do/a autor/a.

Décimo primeira.- Exposición e retirada de obras non premiadas

As fotografías participantes serán expostas no I.E.S. Politécnico entre o 2 e o 14 de maio. As obras non premiadas podrán ser retiradas a partir do 20 de maio. Toda obra non retirada nese prazo pasará a ser propiedade do Departamento de Matemáticas.

Décimo segunda.- Entrega de premios

Os premios entregaranse nun acto público, coincidindo co día escolar das Matemáticas o xoves 12 de maio de 2016

Décimo terceira.- Aceptación das bases

O feito de participar no concurso supón a total aceptación destas bases e dos seus termos e condicións.

Pódense ver exemplos nestes enlaces doutros concursos de fotografía matemática :

<http://es.slideshare.net/joaquinriveromatematicas/concurso-de-fotografa-matemtica-ies-andaln-de-zaragoza>

<http://www.sectormatematica.cl/fotos.htm>

<http://www.iescarrenomiranda.com/matematicas/matefoto/>

http://www.escolapiosaluche.es/archivo/seminarios/artistica/3_foto_mate.pdf

<http://matemolivares.blogia.com/temas/fotografia-matematica.php>